

Emenda do grupo municipal Por Chantada – Candidatura de Unidade Popular ao punto 4º da orde do día da sesión plenaria extraordinaria a celebrar o 18 de xuño de 2020.



En consonancia co ROF, aprobado por Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro (BOE do 22 de decembro), o grupo municipal Por Chantada-CUP presenta a seguinte emenda á proposta de acordo do punto 4º da orde do día.

Xustificación de motivos:

No trascurso da pasada CI de réxime interior, do 15 de xuño de 2020, expuxemos *in voce* a seguinte emenda que agora formalizaremos. A proposta de acordo non concretiza partidas e é xenérica, de feito poida que non haxa orzamento esta anualidade e se prorrogue o de 2019, mais é posíbel cando menos concretar o que xa aparece na exposición de motivos da emenda sobre destinar RTGX para gasto social. Para alén do anterior, moitas medidas que se teñen desenvolto no eido local céntranse no lado da oferta debendo ter tamén en consideración o da demanda e os denominados estabilizadores automáticos polo que sería conveniente crear unha comisión de todos os grupos para elaborar propostas económicas perante a crise, que se vai agudizar nos vindeiros anos.

En consonancia co exposto propónse a seguinte **emenda** introducindo un novo punto e deixando tal cal os dous anteriores:

3.- Destinar neste 2020 a gasto social 20% do remanente de tesouraría para gastos xerais (RTGX) do Concello de Chantada, conforme o disposto no Real Decreto 8/2020 e RD 10/2020.

Chantada, 17 de xuño de 2020.

Antom Fente Parada, voceiro de Por Chantada-CUP.